

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL CANGAS

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR

A N U N C I O

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión de data do 227 de maio de 2016 o Regulamento do Consello escolar municipal do Concello de Cangas e sometido ao trámite de exposición pública mediante anuncio publicado no BOP nº 11, de data do 10 de xuño de 2016, resolta a alegación presentada mediante acordo plenario de data 12 de setembro de 2016, elévase a definitivo o acordo de aprobación inicial e publícase o texto íntegro do Regulamento para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local:

“REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE CANGAS

Artigo 1. CONSTITUCIÓN

O CEMC constitúese como órgano de consulta e participación cidadán na planificación e intervención educativa do Concello de Cangas, coas finalidades e competencias que de seguido se desenvolven.

Artigo 2. FINALIDADES

As finalidades sobranceiras do CEMC serán as de estudo, asesoramento e emisión de propostas á Corporación Municipal e á Administración educativa sobre tódolos aspectos do ensino non universitario que incidan na nosa poboación, buscando a máxima participación de tódolos cidadáns, entidades e organismos interesados no feito educativo.

Artigo 3. FUNCIÓNS

O carácter de organismo participativo na planificación e intervención educativa non universitaria realizarase por medio das funcións que lle son propias ó CEMC: asesoramento, consulta, propostas e información nas cuestións seguintes:



a) convenios e acordos de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou calquera outra administración pública que afecten ó ensino dentro do ámbito municipal.

b) Actuacións e normas municipais que afecten ós servizos educativos complementarios e extraescolares con incidencia no funcionamento dos centros docentes, tales como transporte escolar, comedores, servizos de limpeza e conservación

c) actuacións e normas municipais que afecten ou favorezan a ocupación real das prazas escolares coa finalidade de mellora-lo rendemento educativo e, se é o caso, facer efectiva a obrigatoriedade do ensino.

d) Situación de centros docentes dentro da demarcación municipal.

e) Prioridade nos programas e actuacións municipais que afecten a conservación, vixilancia e mantemento adecuado dos centros docentes de responsabilidade municipal, prestando unha atención especial a supresión de barreiras arquitectónicas.

f) Fomento das actividades tendentes a mellora-la calidade educativa, especialmente no que respecta a adaptación da programación ó medio.

g) Competencias educativas que afecten ó ensino non universitario e que a lexislación outorgue ós municipios.

h) Na programación de investimentos en materia educativa.

i) Programación anual do Departamento de Educación: Dinamización educativa e infraestrutura escolar.

j) Presuposto anual do Concello en materia educativa.

k) Calquera outro asunto que pola súa importancia para a vida escolar do Concello lle sexa consultado.

Artigo 4. COMPOSICIÓN

Ó abeiro do disposto no artigo 16 da lei do Parlamento de Galicia 3/1986 de 18 de Decembro, e do artigo 30 do Decreto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria 44/1988, do 11 de febreiro que regula a composición dos Consellos Escolares Municipais, o CEMC estará composto polos seguintes membros:

a) Presidente/a: O Alcalde ou Alcaldesa, ou membro da Corporación en quen delegue.

b) Vicepresidente/a: O/A Concelleiro/a de Ensino .



c) Dez profesores/as dos niveis educativos correspondentes ó ámbito do ensino non universitario de Galicia, propostos polos sindicatos ou asociacións profesionais proporcionalmente á representación obtidas no municipio nas eleccións sindicais respectivas do sector docente, distribuídos da seguinte forma:

- seis do ensino público.
- catro do ensino privado.

d) Seis pais/nais de alumnos/as propostos polas federacións de asociacións de pais e nais de alumnos.

e) Catro alumnos/as elixidos/as polos representantes dos/as alumnos/as nos Consellos Escolares dos centros existentes no municipio:

f) Un/unha representante do persoal non docente que desempeñe as súas funcións nos centros de ensino público.

g) Un/unha representante dos Movementos de Renovación Pedagóxica con presenza activa no Concello.

h) Un/unha representante das Asociacións de persoas con diversidade funcional, ou de persoas necesitadas dunha atención educativa especial.

i) Un/unha membro do Centro Municipal de Benestar Social.

j) Un/unha representante dos/as directores/as dos Institutos de secundaria do Concello de Cangas.

k) Un/unha representante dos/as directores/as dos centros de educación infantil e primaria do Concello de Cangas

l) Un/una representante dos centros concertados do Concello de Cangas

ll) Un/unha representante dos comerciantes e industriais nomeado/a pola Federación de Comerciantes e industriais do Morrazo.

m) Un/unha representante das asociacións veciñais nomeado/a pola Federación de Asociacións de veciños de Cangas.

n) Un/unha representante dos/as orientadores/as dos centros escolares de Cangas

ñ) Un/unha representante da Administración educativa designado/a pola Delegación Provincial de Educación.



o) Un/unha traballador/a municipal da área de Educación que actuará como Secretario/a. Non terá voto.

Artigo 5. ORGANIZACIÓN

O CEMC estruturase en Pleno, Comisión Permanente e Comisións de traballo.

Artigo 6. PLENO DO CEMC

O Pleno do CEMC estará constituído polo/a Presidente/a, o/a Vicepresidente/a, o/a Secretario/a e os/as vogais do CEMC.

Para a súa constitución inicial será necesario que asistan, polo menos, os dous terzos dos membros que compoñan o Pleno.

De non acadarse o quórum establecido, procederíase a unha nova convocatoria nun prazo máximo de 7 días, rexéndose para a súa constitución polo establecido no artigo 7 deste Regulamento.

Artigo 7.

O pleno do CEMC haberá de xuntarse, como mínimo, unha vez por trimestre, en sesión ordinaria, e preceptivamente a comezo e final de cada curso escolar.

Poderá xuntarse en sesión extraordinaria se o considera oportuno o/a Presidente/a, ou ben se o solicitan por escrito, como mínimo unha terceira parte dos/as vogais do Pleno do CEMC.

Artigo 8. CONVOCATORIA DO PLENO DO CEMC

A convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno do CEM haberá de realizarse cunha antelación mínima de 72 horas, acompañada da Orde do día, na que se fixarán os puntos a tratar.

Artigo 9. CELEBRACIÓN DAS SESIÓN DO PLENO DO CEMC

As sesións do Pleno do CEMC celebraranse en primeira convocatoria, sempre que concorra a maioría absoluta dos membros de dereito, e en segunda convocatoria, un cuarto de hora despois da anunciada, se asistira, polo menos, o/a Presidente/a ou Vicepresidente/a, o/a Secretario/a e un terzo dos/as vogais.

Os acordos adoptaranse por maioría dos votos dos presentes, poderanse formular votos particulares



Tódolos/as membros do Pleno do CEMC, así como cada un dos grupos políticos representados no Concello, recibirán obrigatoriamente copia das actas e da documentación das comisións de traballo, de Pleno e da Comisión Permanente. Así mesmo haberá no Concello unha copia das devanditas actas para que calquera veciño/a que o solicite poida consultalas.

Artigo 10. COMPETENCIAS DO PLENO DO CEMC

Serán competencias do Pleno do CEMC:

- a) Debater e aproba-los informes e ditames referidos ós puntos indicados no artigo 3 deste regulamento.
- b) Nomear os membros da Comisión Permanente.
- c) Aproba-la creación de Comisións de Traballo.
- d) Aproba-la memoria anual da actuación do CEMC.
- e) Aproba-lo informe anual sobre a situación do ensino non universitario no Municipio.

Artigo 11. COMISIÓNS DE TRABALLO

O Pleno poderá crear Comisións de Traballo para tratar temas específicos, rematando as súas funcións no momento en que o Pleno o determine. Por norma existirán as seguintes comisións:

- Comisión de normativa e lexislación educativa.
- Equipamento e infraestruturas educativas

Artigo 12.

O CEMC para tratar temas específicos e puntuais poderá solicita-la asistencia de persoas de recoñecida acreditación ou coñecementos nunha materia, ou de entidades afectadas por un problema, que terán voz, pero non voto.

Artigo 13. COMISIÓN PERMANENTE DO CEMC

A Comisión Permanente do CEMC será elixida polo pleno do CEMC e asegurará a representación de tódolos sectores. Estará formada por:

- O/A Concelleiro/a de Ensino que actuará como Presidente/a.
- Tres profesores/as do ensino público
- Un/unha profesor/a de ensino privado.
- Dous/dúas pais/nais.
- Un/unha alumno/a.



- Un/unha representante dos Movementos de Renovación Pedagóxica.
- Un/una representante dos/as orientadores/as.
- Un/unha representante dos directores/as.
- Un/unha representante da área educativa do Centro Municipal de Benestar Social.
- Un/unha traballador/a municipal da área de que actuará como secretario. Non terá voto.

Artigo 14. FUNCÍONS DA COMISIÓN PERMANENTE

As funcións da Comisión Permanente do CEMC serán:

- a) Prepara-la orde do día das sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno do CEMC.
- b) Prepara-los temas, os informes, as propostas e os ditames para seren debatidos polo pleno do CEMC.
- c) Xestiona-los asuntos e acordos que lle encomende o Pleno.
- d) Coordina-lo labor das Comisións de Traballo.
- e) Elabora-la memoria anual da actuación do CEMC.
- f) Elabora-lo informe anual sobre a situación do ensino non universitario no municipio.

Artigo 15. O/A PRESIDENTE/A

O/A Presidente/a do CEMC terá as seguintes funcións:

- a) Ostenta-la representación oficial do CEMC.
- b) Convocar, presidi-las sesións e modera-los debates do Pleno do CEMC.
- c) Autorizar coa súa sinatura os acordos do Pleno do CEMC.

Artigo 16. O/A VICEPRESIDENTE/A

O/A Vicepresidente/a será o/a Concelleiro/a de Ensino e asumirá as atribucións do/a Presidente/a en caso de ausencia, vacante ou doenza. Asemade, presidirá a Comisión Permanente.

Artigo 17. O/A SECRETARIO/A

Serán funcións do/a Secretario/a:

- a) Citar ás sesións do Pleno do CEMC, que convocará o Presidente, cando menos con 72 horas de antelación, segundo a orde do día que prepara a Comisión Permanente do CEMC.



b) Redacta-las actas das sesións do Pleno e da Comisión Permanente do CEMC, que serán aprobadas na seguinte reunión.

c) Calquera outra tarefa, relativa a funcións xenéricas de secretaría, que lle encomende o CEMC.

d) Custodia-las Actas.

Artigo 18. MEMORIAS ANUAIS

O CEMC ó remate de cada curso escolar elaborará unha memoria da súa actuación.

Igualmente o CEMC elaborará ó remate de cada curso académico un informe sobre o estado do ensino no municipio que enviará para o seu coñecemento, á Corporación Municipal, ó Consello Escolar Territorial, ó Consello Escolar de Galicia e á Delegación Provincial de Educación.

Artigo 19. RENOVACIÓN DO CEMC

a) O mandato dos/as compoñentes do CEMC será de catro cursos académicos. Serán revocados ou ratificados por metades cada dous cursos, en cada un dos grupos polos que foron nomeados.

b) Os/As compoñentes do CEMC que o sexan en virtude da representación que ostenten perderán a condición de tales no momento de cesaren como representantes dos seus colectivos.

c) Os/As compoñentes do CEMC designados por colectivos ou entidades poderán ser revocados/as se quen fixeron a designación o consideran oportuno.

d) No caso de producirse algunha vacante, deberá ser cuberta nun prazo máximo de dous meses. O/A novo/a compoñente o será polo tempo que resta para completa-lo mandato.

Artigo 20. SEDE DO CEMC

A sede e lugar de reunións do CEMC e das súas comisións, serán locais municipais.”

Cangas, 23 de setembro de 2016.—Alcalde-presidente, Xosé Manuel Pazos Varela.

